Galicia Encantada



Literatura oral

[Refraneiro] C

Cada un achega a brasa á súa sardiña.

Cando a acea está parada, nin dá proveito, nin gaña nada.

Cando abril recacha, inda a vella queima a racha.

Cando non hai fariña sobre a paeneira.

Cando se afía o aceiro, gárdase a pluma e o tinteiro.

Canto máis se agacha un, máis se lle ve o cu.

Canto máis un se abaixa, máis ás veces se ensalza.

Cara abaixo todos os santos axudan.

Cava fondo e terás colleita abondo.

Chova para min abril e maio e para ti todo o ano.

Chova por abril e maio e non chova en todo o ano.

Chova por abril e por maio e non chova na volta do ano.

Chuvia de abril non perdoa ó carro nin ó carril.

Co aceite non se pode andar sen se lixxar.

Co aire do poñente, solta os bois e vente.

Co aire soán, cata a auga na man, tanto no inverno como no verán.

Coida que acerta e ben se equivoca o que deixa averea pola corredoira.

Comen uns a froita aceda e outros teñen a denteira.

Comerás do porco e xa verás como mudas de acordo.

Comida a aceitona [oliva], bota o óso fóra.

Como canta o abade, respóndelle o sancristán.

Con abades non rifedes nin vos metades.

Con abades nunca preitos teñades.

Con aceitonas [olivas] e pan quente, morre a xente.

Con achaque de amistade moitos fan falsedade.

Con achaque de amistade moitos fan ruindade.

Con afán gáñase o pan.

Con pequena aguillada non se guía ben a xugada.

Coser e facer albardas, todo é dar puntadas.

Cría corvos e quitaranche os ollos.

Criada por avoa, nunca é boa.

BIBLIOGRAFÍA

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio, Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano, Galaxia, 3 volumes, Vigo, 1958.

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.